

## A poesía infantil de Manuel María: tradición e innovación

CELIA MARÍA ARMAS GARCÍA

Dentro da extensísima produción literaria de Manuel María, que, como é ben sabido, abrangue case todos os xéneros clásicos, unha das partes á que máis atención dedicou o autor que nos ocupa é á da creación poética. Non imos glosar aquí as súas principais aportacións e características (é imposible facelo nunha breve aproximación como a que nos propomos) mais imos focar a nosa atención en dous volumes cun nexo común. O nexo común ao que nos referimos é a temática, pois ambos textos conteñen “versos pra nenos”, subtítulo que aparece tanto n’ *Os soños na gaiola* como n’ *As rúas do vento ceibe*. Fagamos, pois, unha análise destes libros onde se desvendará, pensamos, a singularísima aportación que Manuel María fixo a este subxénero literario (para empregarmos as etiquetas clásicas) coñecido como “literatura infantil”.

### 1.- *OS SOÑOS NA GAIOLA* (1972).

Segundo aparece na inicial “Carta ós nenos” que serve de prólogo ao volume, estamos ante un poemario dedicado especialmente aos pequenos labregos, xa que nel se recollen as lembranzas da nenez do autor, nenez “campesiña” como el propio indica. De feito, vemos que as seis partes nas que se subdivide (lemremos: “Galicia”, “O mundo”, “As cousas”, “Homes, nenos e nenas”, “Animás” e “Paxaros”)

inclúen textos cuxos temas pertencen ao universo rural, todos eles forman parte da vida diaria de calquera persoa que viva nunha aldea. E todos eles, imos xa adiantando, compoñen un retrato da vida aldeá amábel, sen fisuras, sempre desde unha focaxe positiva. Comprobaremos que incluso aqueles poemas dedicados a elementos a priori negativos, como “O lobo” ou “O corvo” teñen partes das que se tirará unha ensinanza práctica; non son, pois, romamente escuros.

Fagamos unha breve análise da métrica dos poemas d’ *Os soños na gaiola*. A rima sempre é consoante, salvo algunhas excepcións de casos aillados de rimas asoantes : “O sol”, “O bolo” e “O arado” (nestas últimas só os versos impares son asoantes). Son tiradas na súa maioría octosílabas, aínda que hai algúns casos de hexasílabos e algún outro en que alternan os octosílabos e os hexasílabos con versos tetrasílabos. Só hai un caso completamente diferente: é o do poema “Galicia”, cuxos versos son de sete sílabas. Non nos parece casual que este texto distinto na forma aos demais sexa o inaugural do poemario, o que ten un tema máis diverxente e onde atopemos a velada proclamación da ideoloxía que veremos desvendada sen tapuxos en *As rúas do vento ceibe*<sup>1</sup>. Semella un claro subliñado por parte do autor, o cal ten todo o sentido se nos decatamos de que o xogo das mensaxes suxeridas e dos significados ocultos era un dos máis practicados polos criadores que produciron durante a ditadura franquista. Mais volvendo á análise puramente formal, debemos sinalar que exceptuando “O arado”, “O bolo” (ambos con estrofas de 3 versos) e “O gato” (con estrofas de 5, 10 e 15 versos) todos os outros poemas están compostos por estrofas de 4 versos. Como conclusión, logo desta rápida achega á forma, debemos anotar que é moi notábel a adaptación de todos os poemas ás típicas cancións infantís, xa que son correntes as repeticións (vexamos, por exemplo, a estrofa inicial d’ “O meu burriño”: “Arre, ¡corre, / meu burro trotón, / meu burriño manso, / meu burriño bon!” ou a segunda d’ “O escribente”: “Ten tres ovos moi pequenos. / Ten tres ovos nada máis. / Son tres ovos moi fermosos. / Son tres ovos. ¡Nin un máis!”), os estribillos (“Caracol, col, col; caracol caracoleiro” lemos por tres veces n’ “O caracol”), as onomatopeas (“-Pío, pío, pío... / cada pío un choro” n’ “A pita choca”), as derivacións (din todos os versos iniciais d’ “O galo”: “Eu teño un galo galeiro”), etc... Todos estes son recursos que facilitan tanto a memorización como a musicación e están moi adaptados á forma de falar dos nenos, e, polo tanto, ao seu gusto.

Índomos xa á análise dos temas, vexamos cales son as partes a destacar segundo o noso criterio:

a) Existencia dunha intención de contribución consciente para a creación dunha literatura galega normalizada.

<sup>1</sup> Non podemos esquecer o momento histórico en que foron compostos os poemarios dos que estamos a falar: se ben *Os soños na gaiola* é o do ano 1972, cando aínda a Franco lle quedaban tres de vida, polo que a maquinaria censorial estaba plenamente activa, *As rúas do vento ceibe* é do ano 1979, onde a recentemente estreada democracia xa permitía unha certa liberdade aos autores á hora de abordaren uns ou outros temas.

Na inicial “Carta ós nenos” expón Manuel María claramente que os versos que vén de compór son os que el botou de menos cando rapaz, e que

“por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera encher, en parte, ese oco” (1972:5)

Está clara, pois, a intención do autor de contribuír para unha normalización, para unha igualación, da literatura galega a respeito da castelá, onde si hai literatura infantil<sup>2</sup>. Isto non fai máis que lembrarnos ao Otero Pedrayo d’ *Os camiños da vida*, ou sexa, a aquel autor que, analisando a situación da literatura galega, decátase de que do que carece é dunha novela, valeiro que el se propón encher propositadamente. Manuel María tamén é consciente de que o anormal proceso que sofre a nosa cultura, sempre á marxe, sempre á defensiva, non avanza máis que a base de golpes de forza (permítasenos a expresión) intencionados e el, como persoa comprometida co seu país, quere contribuír para a melloría desta precaria situación.

E a súa aportación nesta ocasión, como en tantas outras, aparece nun campo para el fundamental: os versos para nenos, versos que “tan precisos son”, como el mesmo declara na “Carta” á que nos estamos a referir. Esta intención didáctica, formativa, se ben aquí xa se aparece, farase moito máis evidente no seguinte volume do que nos ocuparemos, *As rúas do vento ceibe*.

#### b) Anuncio da aparición dunha nova Galiza.

Xa antes nos temos referido á singularidade do primeiro dos poemas do libro, “Galicia”, se ben tiñamos sinalado a súa diferente forma a respecto das demais composicións do volume. Pois tematicamente falando tamén estamos ante unha achega única no libro. Fai aquí Manuel María unha descrición da patria galega desde o sentimento e desde a realidade traballadora para concluír cunha arenga: “Galicia somos nós: / a xente e mais a fala / ¡Si buscas a Galicia / en tí tés que atopala!”. Estamos moi lonxe das poesías bucólico-sentimentaloides coas que asociamos as descricións do país galego, estamos ante unha innovación que chama tanto máis a atención en canto vemos que este é un poema dirixido aos pequenos e todo isto sen esquecermonos de que o momento en que foi composto non permitía unha expresión ideoloxicamente libre.

Mais non é esta a única aportación orixinal do volume no sentido da chegada duns novos aires a Galiza. Tamén para isto contribúen os poemas “O trator”, “Xogós” e “A muiñeira”. Polo que respecta ao primeiro deles, “O trator”, estamos ante unha visión futurista dun neno, que contempla a máquina imaxinándose a si mesmo conducíndoa, visión que é ben do seu agrado. Simbolicamente, este poema aparece a continuación doutro titulado “O arado”, poema dunha forma diferente ao resto (esta-

<sup>2</sup> Lembremos que só os nenos das estampas de Castelao, e as *Memorias dun neno labrego* (xunto con algúns outros exemplos menores das xeracións literarias anteriores á Guerra Civil) puideron servir de referencia para Manuel María.

mos ante 6 estrofas de 3 versos onde riman consoantemente os impares) onde un neno recría un arado que el fixo de xoguete. É ben evidente que o autor estanos a pór ao carón o pasado e o futuro e que non o fai renunciando a nada: o pasado é un recordo cariñoso e necesario, e o futuro é unha aspiración deleitosa. En “Xogos” temos un esquema moi similar: o neno non quere divertirse de ningún dos xeitos tradicionais (indo aos niños, xogando a policías e ladróns...): só quere ter un avión. E no último destes tres exemplos que traemos agora a colación, “A muiñeira”, Manuel María atopa o vínculo entre o pasado e o futuro do que nos estivo a falar nos anteriores poemas que analizamos: se o que nos espera é como o noso baile máis característico, a saber: forte, seguro de si, ledos..., seguro que é moi bo.

Resumindo: non podemos ter un porvir exitoso se non agarimamos, e non aprendemos, do que nos antecede.

c) Panteísmo.

É moi frecuente o recurso á personificación neste volume de Manuel María. Coidamos que con el pretende conseguir un achegamento á realidade, xa que a maioría das prosopopeas están na parte do “mundo” e das “ cousas”, non na de “animás” ou “paxaros”. É tamén claro, por isto mesmo, que estamos ante unha poesía de corte animista e panteísta e que en moitas ocasións nos recorda o hilozoísmo característico de Amado Carballo.

d) Tratamento orixinal dos símbolos típicos (e tópicos) do campo galego.

Vexamos o poema “Labrego”: a voz poética recórdanos que toda a vida da súa familia está ligada á terra. E esta voz que nos fala tamén ten o seu destino “xunguido ó terrón!” (verso final). Semella que esta existencia de pobreza é un *fatum* ao que non hai escapatoria, pero non é así: recordemos que xa hai outros horizontes, como ben sabe o neno que soña no poema “Xogos” do que xa falamos arriba. Na composición “A vaca” fálanos da “Señora vaca” (non lle apea o tratamento) que traballa arreo e sen descanso, sempre con humildade e cun trasfondo de cansazo. Parece claro que o autor quixo facer aquí un trasunto da propia Galiza e da súa historia, co cal o tratamento deste símbolo do país convértese á vez en reverencia (lembramos que sempre fala da “Señora vaca”) e en compaixón. Por último fixémonos na natureza que reflicte Manuel María n’ *Os soños na gaiola*, nomeadamente nas partes “Animás” e “Paxaros” (tamén n’ “O mundo”): sempre é positiva. Incluso as partes negativas, que non lle son ocultadas aos nenos, son resolvidas de xeito satisfactorio, como comprobamos n’ “O lobo”. A pesar de nos describer un ser arrepante, case sobrenatural, estamos ante unha ameaza lonxana, vista desde a seguridade da aldea: é un mal necesario, a natureza ten as súas regras. E “O corvo”, paxaro cuxo “duro graznido / semella un coitelo!”, non lle pon medo á voz poética que nolo describe.

Fagamos xa algunhas reflexións a modo de conclusión a respeito deste volume que nos ocupa, *Os soños na gaiola*: en primeiro lugar, é de destacar o grande dominio da métrica de Manuel María, se comparamos a precisión da adecuación ao tema deste caso, onde predominan as tiradas arromanzadas, co virtuosismo dos seus

sonetos, por mencionar un dos metros seus máis característicos. Acada o noso autor unha sinxeleza na expresión de grande dificultade na súa factura e que chama especialmente a atención en poemas como “Señor Gato” pola extraordinaria conxunción entre a forma e o fondo. Xa temos falado da novidade no plantexamento temático, xa que nos é presentada unha “nova” ideoloxía, un futuro esperanzador, sempre e cando non deixemos de lado o pasado. E todo isto coa aparencia de versos “inocentemente” infantís. E enténdasenos o adverbio: por suposto que son versos infantís e, por tanto, inocentes; pero inocentes non quer dicir aquí puerís nen moito menos. A carga ideolóxica de que falamos farase ben máis explícita n’ *As rúas do vento ceibe*, o cal explícase, como xa viñemos anotando, por estar composto nos primeiros momentos da historia democrática.

E non podemos deixar de sinalar, ao rematarmos o percorrido pol’ *Os soños na gaiola*, a evidente simboloxía do título: é esa a situación que está a vivir a Galiza na que medran os nenos aos que vai dirixido o volume, e é este volume o que fala da esperanza dun futuro fóra da gaiola.

## 2.- AS RÚAS DO VENTO CEIBE (1979)

O poemario titulado *As rúas do vento ceibe*, de 1979, leva tamén por subtítulo *Versos pra nenos*. Nel temos 51 composicións agrupadas en 4 bloques: “A patria”, “A cidade”, “A natureza e as cousas” e “Os heroes”. A forma das mesmas é moi similar á d’ *Os soños na gaiola*: maioría de octosílabos (salvo dous heptasílabos e algúns casos de hexasílabos, tetrasílabos, pentasílabos e trisílabos) rimando consoantemente nos pares e formando estrofas de 4 versos. Estamos, pois, ante tiradas arromanzadas, aínda que nesta ocasión hai máis novidades a respecto desta estrutura clásica, xa que non son infrecuentes os casos de poemas onde rimen todos os seus versos consoantemente (ocorre, por exemplo, en todos os poemas da parte “Os heroes”) e tamén hai casos onde esta rima é bastante irregular (“O semáforo” e “Xigantes e cabezudos”, por exemplo). “Biografía da muiñeira” é un caso a comentar no que á forma se refere, pois estamos ante o único poema deste volume onde o autor xoga coa súa forma no papel, quer dicir, confírelle unha distribución singular alternando na folla unha estrofa cunha parte en branco, o que nos dá visualmente unha clara imaxe de movemento, xusto o que caracteriza o baile que protagoniza o texto.

Comeza o volume que nos ocupa como o anterior: cunha “Carta ós nenos que pode servir de prólogo a este libro” onde o autor explica claramente cales son as súas intencións. En primeiro lugar, deixa claro que desta volta se vai ocupar máis dos “nenos de cidade”, aos que pensaba un tanto esquecidos n’ *Os soños na gaiola*. Non deixará, pois, de sorprendernos, o feito de que estes versos “urbanos” máis ben sexan unha visión aceda da realidade da vida nas grandes vilas e un canto, máis unha vez, á vida na aldea. Agora, ademais, hai unha mudanza substancial que permite que Ma-

nuel María non teña que ocultar as súas verdadeiras intencións: xa non hai ditadura, polo que a mensaxe non debe ser agachada. Dadas estas condicións históricas, non lle doen prendas ao noso autor ao recoñecer que “o presente libro ten certo didactismo”: claramente proclama que a poesía que non ensina algo non é poesía e que a súa finalidade é a de conseguir que os pequenos aprendan a “amar a nosa patria Galicia”. E non é esta a súa única intención, xa que, logo de lermos o libro, vemos que a súa moralexa é dobre: por un lado, a citada arriba e por outro, conseguir que os nenos soñen “cunha patria ceibe e popular”, para o que os invita á acción logo de lles amosar moitos precedentes admirábeis, co que consegue que casen perfectamente as pezas da mensaxe que nos transmite: aunar o presente esperanzado (recordemos: apenas hai catro anos que morreu Franco) coa historia e coa tradición do pobo galego, da que moito hai que aprender para labrar un futuro mellor.

Vaiamos xa facer unha breve análise dos temas principais d’ *As rúas do vento ceibe*. Fixemos unha agrupación en 3 bloques principais: a patria ideolóxica, a patria sentimental e as bondades da vida no campo fronte á deshumanización da vida urbana.

Os poemas que tratan acerca da patria desde o punto de vista ideolóxico son case todos os das partes primeira (“A patria”) e última (“Os heroes”). As oito composicións da mencionada primeira parte fan un percorrido polo significado do país tanto na tradición como na esperanza. Temos, deste xeito, aquelas poesías nas que o autor nos presenta os símbolos da nación: “A fala”, “A bandeira”, “O escudo” e “O mapa de Galicia”; aquelas nas que pon de relevo os seus problemas principais, ao seu xuízo: “A emigración” e “A colonia”; e, finalmente, aquelas outras en que podemos atopar o camiño para solucionarlos: “A patria” e “Día da patria galega”. O poema “A patria” é moi similar á “Galicia” d’ *Os soños na gaiola*: ambos teñen unha forma que os diferencia da maioría dos outros e ambos fan unha arenga ao pobo galego, se ben moito máis vigorosa no primeiro dos casos, lóxico se pensamos nos momentos históricos de composición dos mesmos. En “Día da patria galega” recorda cal é o noso glorioso pasado e propón a rota a seguir: “¡Galicia ten que ser ceibe!”, co cal voltamos á nosa hipótese de que estamos ante a solución aos problemas antes expostos da emigración e da situación colonial.

Completando esta descrición ideolóxica da patria galega, Manuel María fai, na parte final do libro, “Os heroes”, un repaso á historia galega fixándose nos fitos máis salientábeis desde o punto de vista da loita contra a opresión, ben fose esta exercida polo Imperio Romano (poema “O Medulio”), ben polos señores feudais (“A Revolución Irmandiña”), ou ben por Castela primeiro e España despois (“O Mariscal Pardo de Cela”, “Os mártires do 1846”, “As revolucións populares do século XX”, “As Irmandades da Fala e o Estatuto de 1936” e “Moncho Reboiras”). En todos estes poemas hai, ademais, outro nexo temático común: o pobo unido é vencedor, se ben non sempre na propia loita, si desde o punto de vista moral, xa que o oprimido é sempre quen ten a razón do seu carón. Son, incluso, máis relevantes desde esta óptica

dos vencidos, aquelas composicións que nos mostran os heroes caídos, porque é o seu exemplo o que supón a súa victoria, exemplo que Manuel María quere que sigan os rapaces a quen dirixe a súa poesía.

O segundo núcleo temático que anunciamos antes é o que engloba aqueles poemas que se ocupan da patria desde un punto de vista máis sentimental. Incluímos tamén aquí unha das composicións que mencionamos arriba, “A fala”, onde Manuel María vai relatando todo o que significa unha lingua para unha nación. Cada estrofa enuncia un dos significados do idioma, e remata proclamando que a renuncia a el é a morte do pobo. Reúne neste poema ideoloxía e sentimento: é evidente que o noso autor non pode desvincularse asepticamente do amor á lingua á hora de reivindicala. O resto das composicións que, coidamos, tamén pertencen a este núcleo temático que chamamos “da patria sentimental” son a maioría das que atopamos na parte terceira do poemario, “A natureza e as cousas”. Aquí volvemos ver textos dedicados a obxectos e fenómenos característicos da sociedade e da idiosincrasia galega: “Biografía da muiñeira”, “Dorna”, “Hórreo”, “Cruceiro”, “O can”, “Poemiña pra namorar a unha rosa”... Todos eles unidos polo recordo da aldea e pola descrición positiva, feliz. É esta a verdadeira patria galega, a do amor á terra, a da felicidade do contacto coa natureza, e isto é o que Manuel María quere que teñan presentes os nenos de cidade: hai unha vida mellor fóra do que eles coñecen, pero non lonxe, senón nas propias portas das súas vilas.

A patria ideolóxica, a patria sentimental e, para completarmos o terceiro dos núcleos temáticos que nós salientamos n’ *As rúas do vento ceibe*, falemos agora das bondades da vida no campo fronte á deshumanización da vida urbana. Incluímos neste apartado os poemas da parte segunda “A cidade”. Case todos eles reflicten unha realidade triste, gris, sen luz..., deshumanizada, nunha palabra. O progreso que representan non é máis que a soidade, o illamento, a insolidariedade, fenómenos completamente descoñecidos na aldea. Temos exemplos disto en “O lar”, “O meu cuarto”, “A rúa”, “As farolas”, “O suburbio”, “Máquinas mecánicas”, “Motos”, “O autobús”, “Sireas na cidade”, “O asilo”... Este último é particularmente patético, posto que o autor non fai a menor concesión ao retratar o ambiente destas residencias, as cales, por certo, son inexistentes nas aldeas, e faino cunha profunda tristura e abandono, mesmo con anguria. Algunhas das cousas mellores que hai na cidade son, curiosamente, aquelas que supoñen un trasunto do campo: vémolos nos poemas “Xardís”, “Cataventos” e “Álbores da cidade” (este último é tamén bastante tristeiro, porque nen eles son felices vivindo rodeados de fume...). Pero non todo son críticas ao que representan os avances da modernidade. Vexamos, por exemplo, o poema “O televexo”: se ben é denunciado o mal uso e aproveitamento que se fai del, non pode deixar Manuel María de recoñecer que se os seus contidos fosen outros, e se a súa lingua vehicular fose o galego, a súa influencia sería moi positiva. Aínda así non deixa pasar a ocasión para dotar aos pequenos de cidade doutras alternativas que a el propio lle resultan moito máis rechamantes: “Teatro de guiñol” e “O circo”. Nestas

composicións descrébenos dous dos espectáculos que a el máis atraíntes lle resultan desde a súa óptica de neno. Tamén é positivo o coche, retratado n' "O automóbel". E posibelmente sexa das caracterizacións máis rotundamente positivas que achemos en todo o libro que nos ocupa: nen sequera a contaminación que producen parece que supoña un motivo de crítica. Deixamos para o final a análise do poema "A escola". Resulta significativo que as críticas a esta institución non estexan feitas esta volta desde os ollos dun pequeno (non se fala dos deberes, nen dos madrugóns, nen dos exames...) senón que a óptica é claramente a dunha persoa maior que critica tanto o deseño do edificio típico (de formigón, como se fose unha cadea) como a masificación nas aulas e o emprego do castelán. Estamos ante unha das numerosas vías de penetración da castelanización da nosa sociedade e Manuel María escolle crítica desde esta perspectiva, coñecedor de que as pexas infantís xa son consabidas.

Chegamos xa ás conclusións que nós tiramos logo da nosa lectura d' *As rúas do vento ceibe*. Claramente este volume é unha chamada á participación, á contribución ao avance do país, feita nun momento en que se abren as posibilidades para que isto se verifique dun xeito ou doutro. Lembremos que até agora non era posíbel, baixo o xugo franquista, polo que todo o que as persoas que son nenas neste ano 1979 aprendan da súa patria será a semente dun futuro "ceibe e popular", como desexa o noso autor. E esta loita non é nova para o pobo galego: Manuel María trae aquí a colación numerosos precedentes de autoridade que demostran que non é en balde calquera revolta, calquera alzamento contra o opresor. Amósanos o noso autor que o pasado é a fonte necesaria da que debemos beber, da que debemos aprender. E se a todo isto unimos o retrato que fai do noso pobo, para o que podemos volver acudir a *Os soños na gaiola*, vemos que estamos ante un completísimo compendio de ideoloxía nacionalista, inzado de amor e tenrura, de orgullo por unha historia feita a base de sufrimento e de sangue, de valentía e de esperanza. Todo isto quixo Manuel María que aprendésemos, que compartísemos. E todo isto é o que nos ensinou coa súa propia vida e exemplo, coa súa dedicación a unha nación que hoxe non sería a mesma se el non tivese a ela dedicado os versos máis fermosos, se el non a tivese amado tanto.